

RESUMO INFORMACIÓN

IMPORTANTE COMEZO DE CURSO


2022/2023

- As clases comezarán:
 - **O xoves 8** para todo Ed. Infantil e toda Ed. Primaria. O alumnado de 3 anos terá un horario diferente por quendas estas primeiras semanas (período de adaptación), que estará exposto no taboleiro da entrada do centro.
- **Este curso contará co servizo de madrugadores e de actividades extraescolares.**
- Respecto ás **ENTRADAS**:
 - En **primaria** faranse a partir das 9:00. Non se farán filas; o alumnado entrará só (sen compañía do adulto) directamente por calquera das dúas portas peoniles exteriores coas que conta o centro. (rúa Colmeote e travesía Bispo Argaya). As familia poderán acompañalos ás portas exteriores do recinto escolar. Haberá profesores nos patios exteriores para guiar ao alumnado. **IMPORTANTE** Este ano a porta de entrada para os de primaria será a porta grande de acceso ao centro que estará dividida en dúas seccións. Pola esquerda, entrarán os grupos de 2º, 4º e 6º, e pola porta da dereita entrarán os grupos de 1º, 3º e 5º.



- Os dous primeiros días de clase os alumnos/as de 1º, 3º e 5º farán filas fóra, no patio cuberto superior, as mestras/es estarán esperando para ensinar aos nenos/as os camiños as súas aulas. Os alumnos/as de primeiro de primaria os dous primeiros días (xoves e venres) podrán ser acompañados ata o patio cuberto.

- En **infantil** entrarán tamén a partir das 9:00 e este alumnado poderá vir acompañado dun/ha adulto/a. Empregarase a porta que se atopa preto da rúa colmeote e ten unhas escaleiras de acceso. O alumnado de 4 e 5 anos non farán filas e entrarán de forma libre e individual, en cambio o alumnado de 3 anos (sobre todo no primeiro trimestre) fará fila ao lado da porta, no patio cuberto superior ata que salgan as mestras que os levarán as aulas.



- O profesorado de garda estará vixiando en varias zonas do patio e do interior do centro.
- As titoras ou profesorado especialista co que teña clase cada grupo á primeira hora da mañá agardará polo seu alumnado no interior da aula.
- Nos recreos o alumnado xa non estará separado por zonas, e prevense diferentes escenarios (climatoloxía adversa ou climatoloxía favorable).
- Respecto ás **SAÍDAS**, prégase puntualidade e non permanecer nos arredores do centro unha vez recollidos os/as nenos/as. As saídas organizaranse da seguinte maneira:
 - O alumnado de **infantil** comezará a saír a partir das 13:45 de forma escalonada, comezando os/as alumnos/as de 3 anos, seguidos dos de 4 e rematando os/as de 5 anos pola porta que hai no patio do recreo de infantil que dá ao exterior do centro (Travesía Bispo Argaya, a mesma do ano pasado). Alí cada titora entregará a cada neno/a ao pai/nai, titor/a legal ou familiar autorizado.
 - A saída do alumnado de **primaria** farase as 14:00 h. O alumnado de 1º de primaria será entregado pola porta lateral pequena que está preto das escaleras e ao lado da entrada exterior peonil (porta infantil de entrada). O resto do alumnado 2º, 3º, 4º, 5º e 6º se entregará na porta de acceso principal (porta de primaria). As titoras entregarán os/as nenos/as ás súas familias que estarán esperando nesta entrada.



- En todos os baños do centro hai xabón en dispensadores e bobinas de papel secamáns para uso do alumnado, así como unha papeleira con tapa e pedal onde se desbotará unha vez secas as mans. O uso correcto dos mesmos é unha tarefa conseguir entre todos.
- Lembrade non traer aos nenos/as ao colexio se presentan calquera destes síntomas:
 - Febre maior de 37,5°C
 - Tose seca
 - Dificultade respiratoria
 - Fatiga severa (cansazo)
 - Dor muscular
 - Falta de olfacto
 - Falta de gusto
 - Diarrea
- As merendas serán ao aire libre. Lembrade que temos que ter moita precaución cos alimentos que traemos dadas as numerosas alerxias. No sucesivo lembrarase cales son os alimentos prohibidos e para iso, este ano, pedirase a actualización ás familias.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN.